


# Coa unidade em- pezas o cambio



**ÚNETE AO STEG**

cara a un **ensino público, galego,  
laico e de calidade**

**ELECCIÓN SINDICAIS 2018**

**#em-pezas?**

steg.gal  

# STEG in- forma




Somos un Sindicato autónomo e asembleario, membro da Confederación de STEs, formada pola unión de Organizacións Sindicais cunha historia común, un proxecto solidario e un mesmo modelo sindical.

**A nosa visión da situación actual do ensino é:**



## **MARCO SOCIAL**

- Comunidade educativa aletargada, pouco mobilizada. A falta de unión sindical, de información e dun discurso honesto, sólido e innovador axudan a que se dea esa falta de mobilización. **Un dos obxectivos do STEG é axudar a alcanzar un mínimo de unión sindical.**
- Des-unión sindical. Fronte a un goberno que impulsou políticas devastadoras e prexudiciais para o groso da cidadanía, as centrais sindicais, en xeral, tiran cada unha polo seu lado. **O STEG pula e seguirá pulando por intentar chegar a acordos de mínimos, asumíbeis por todas, que axuden a mobilizar á comunidade educativa para loitar, unida, contra estas políticas.**
- Unha grande falta de información veraz nos grandes medios de comunicación debida, en gran parte, á necesidade de financiarse polos grandes grupos económicos e polas subvencións do goberno da Xunta. Isto leva a que a información sexa debedora da "man que lle dá de comer". **O STEG non recibe ningún tipo de axuda institucional, nin depende de ningún grupo político nin de presión. Esta autonomía permítelle desenvolver de xeito independente a súa actividade sindical.**



## MARCO ECONÓMICO

- A pesares do carácter temporal da lei 1/2012 (“O carácter desta lei é temporal, polo que a súa vixencia queda supeditada á subsistencia das difíciles circunstancias económicas que afectan a sustentabilidade das contas públicas”), e dos discursos políticos sobre a superación da crise, seguemos a ter recortados dereitos dos que disfrutabamos en momentos anteriores:
  - Descontos por incapacidade temporal.
  - Redución do noso salario base e contía dos trienios nas pagas extras desde o ano 2010. Ademais fomos a única CCAA que non pagou os complementos específicos (docente, singular e titoría) nas pagas extras dos anos 2013, 2014, 2015 e 2016.
  - Suspendeuse toda axuda derivada do concepto de acción social (FAS): Á xubilación, por fillos menores, para estudos de fillos/as, para estudos do traballador, por adquisición de vivenda, por maiores a cargo, por gastos sanitarios.
- Nada disto se recupera (agás os descontos por IT) no novo acordo alcanzado polo goberno e CCOO, UXT e CSIF, onde se recolle un aumento salarial fixo (1,75% - 2,25% - 2%) máis un incremento ligado ao crecemento da economía e ao cumprimento de estabilidade. Non aparece o aumento ligado ao IPC por ningures; tampouco o que perdemos nestes anos de crise.

**O STEG non recibe ningún tipo de axuda institucional, nin depende de ningún grupo político. É un sindicato autónomo e independente.**




## **MARCO LEGAL**

### **LOMCE**

Segue a ser a lei que hai que eliminar xa que:

- Aumenta a brecha social do alumnado
- Empeora as condicións laborais do profesorado.
- Baleira de capacidade de decisión os Claustros e Consellos Escolares de centro
- Mingua a participación democrática da comunidade na toma de decisións
- Converte ás direccións en xerentes de empresas
- Maltrata as linguas propias
- Fomenta o adoutramento relixioso na escola
- Segrega ao alumnado por sexos e capacidades
- Incorpora medidas que desprezan a avaliación do profesorado.



**O STEG propugna a desobediencia cívica masiva á aplicación efectiva da LOMCE na vida diaria dos centros.**

### **INTERINAS/OS**

O momento actual, no que aparece unha oferta de emprego público ampla, o colectivo de persoal interino vai sufrir posto que moitos deles perderán o seu posto de traballo. A solución propugnada polo STEG desde hai moitos anos é, por unha banda, o acceso diferenciado e, por outra, acadar un proceso de estabilidade para o persoal que leve tempo traballando como persoal interino.

## LINGUA GALEGA

Hai que cambiar o actual, mal chamado, Decreto de Plurilingüismo: Consideramos que os proxectos plurilingües teñen que contemplar a situación sociolingüística de partida e as linguas minoritarias para as potenciar, non para as marxinar.

## PRIVADA - CONCERTADA

O aumento progresivo das unidades concertadas e a intención de concertar todo o ensino, incluso o non obrigatorio, é un dos obxectivos das políticas do noso goberno. A concertación de centros que segregan por sexos, legal desde que se aprobou a LOMCE ao introducir o artigo 84, bota por terra o criterio da coeducación para concertar centros. Que sexa legal, non quere dicir que sexa obrigatorio; seguimos defendendo que non se pague con cartos públicos os concertos deste tipo e a progresiva eliminación dos demais concertos existentes.

A decorative graphic consisting of three overlapping geometric shapes: a pink diamond on the left, a yellow triangle in the middle, and a light blue circle on the right. All shapes have a thin grey outline.

**O sindicato STEG non ten afiliación no ensino privado-concertado.**



## Coa unidade em- pezas o cambio



Un dos obxectivos do STEG é acadar un mínimo de unión sindical no mundo do ensino para loitar conxuntamente por un **ensino público, galego, laico e de calidade**. Os nosos trazos identitarios son:

### **DEFENSOR DUNHA ESCOLA PÚBLICA E DE CALIDADE**

O STEG é unha organización sindical **que só traballa co profesorado da escola pública**, no convencemento de que a educación debe ser única e estritamente pública. O investimento dos recursos de todas e todos debe ser para a mellora da escola pública, garantindo a súa calidade, non detraéndoo para favorecer actividade privada ningunha neste senso.



### **GALEGO E NACIONALISTA**

O STEG desprega a súa actividade sindical na Galiza, **os seus órganos de goberno e decisión son galegos, e o seu idioma é o galego**.

Defendemos os vosos dereitos e intereses así como os da clase traballadora galega e do pobo galego.

## UNITARIO

No STEG teñen cabida todas as traballadoras e traballadores do ensino que concorden cos seus fins. O Sindicato garantiu sempre no seu seo a liberdade de expresión individual e colectiva, así como o respecto ás minorías, elemento fundamental pra unha organización verdadeiramente democrática e plural.

Deste xeito, **o STEG loitou sempre polo logro de acordos concretos e a unidade de acción co resto dos sindicatos.**

Así, prestamos atención preferente a todas as accións encamiñadas ao logro de formas de unidade co resto de sindicatos de ámbito galego, no convencemento de que a unidade sindical é fundamental pra acadar os nosos obxectivos no camiño dun ensino público e de calidade.

## INDEPENDENTE E AUTÓNOMO

**Somos unha organización sindical con entidade e autonomía propias**, que toma as súas decisións segundo a súa propia dinámica interna e se financia coas contribucións das súas afiliadas e afiliados (e somos a única forza sindical do ensino que renunciou á subvención da Consellería ás forzas sindicais).

**O STEG é independente do aparato do Estado, dos partidos políticos e de calquera outro grupo de presión, ben sexa económico, relixioso, ideolóxico...**

## DE CLASE

**Agrupamos a traballadoras e traballadores do ensino, docentes e non docentes, como parte integrante da clase traballadora.**

Sentímonos vencelladas ás accións unitarias das traballadoras e traballadores a nivel galego e estatal.

Somos solidarias coas traballadoras e traballadores do mundo e sumámonos ás súas loitas contra a opresión e pola emancipación dos pobos sometidos.

Unha das nosas metas é aglutinar no noso seo aos sectores progresistas do ensino en Galiza, integrando a todas as persoas que se sintan referenciadas nas características definitorias do STEG e compartan os seus obxectivos.

Non renunciaremos a adoptar as accións que estimamos necesarias en defensa de toda reivindicación que beneficie ás traballadoras e traballadores do ensino, no marco dun modelo de ensino non xerarquizado, e que contribúan a unha transformación profunda do actual sistema educativo no camiño cara á escola pública galega.

## **SOCIO-POLÍTICO**


O STEG reivindicou sempre a mellora das condicións laborais e profesionais das traballadoras e traballadores do ensino e, ademais, asumimos a defensa de todas as cuestións políticas e sociais que afecten á clase traballadora e ao pobo galego. Por iso **o STEG**, como sindicato de clase comprometido coa realidade galega, **ven participando regularmente nas accións sociais e plataformas sociopolíticas en defensa dos dereitos individuais e colectivos da cidadanía galega.**

## **DEMOCRÁTICO E ASEMBLEARIO**

**Os nosos órganos son colexiados e as persoas que os compoñen son elixidas democraticamente nas Asembleas e Congresos correspondentes, sendo revogábeis polos mesmos.**

Así, as asembleas son o xenuíno modo de participación da afiliación dentro do STEG onde estas propoñen, debaten e deciden, se é o caso, sobre calquera acción ou alternativa.

Igualmente, potenciamos as Asembleas de traballadoras e traballadores do ensino como medio de reforzar a unidade e a participación.



## **FEMINISTA**

O STEG distinguíuse sempre por contribuír coa súa acción e ideoloxía contra as violencias, maltratos e opresións específicas a que están sometidas as mulleres, tanto nos aspectos laborais, profesionais e xurídicos, como nos sexuais e educativos.

**Así, loitamos contra as formas de discriminación e sexismo que permanecen e se transmiten a través do noso sistema educativo.**


## **CONFEDERAL**

O STEG é membro da Confederación de STES-i e como membro da mesma debe cumprir os seus Estatutos, conservando sempre a súa soberanía.



## DEFENSOR DUNHA ESCOLA LAICA

O STEG é unha forza sindical do ensino que **non traballa co profesorado de relixión**. Defendemos a separación entre Igrexa e Estado como garante de convivencia, a tolerancia e igualdade entre persoas crentes e non crentes e en consecuencia pulamos por unha escola laica.



## IMPULSOR DE VALORES EDUCATIVOS

Dende o STEG **defendemos unha educación que integre os valores de igualdade, de solidariedade entre os pobos e as persoas**, no camiño de rematar con todo tipo de discriminación para acadar maiores niveis de xustiza social.

Así, o STEG propicia unha educación que divulgue as iniciativas pola paz e o desarme, a solución pacífica dos conflitos e a utilización con fins sociais dos recursos destinados ás políticas de defensa e guerras.

Igualmente, o STEG mantén a incorporación no currículo escolar dos conceptos, procedementos e actitudes necesarios para unha educación ambiental que promova valores ecoloxistas e de compromiso cun desenvolvemento sostíbel.

**Coa  
unidade  
em-  
pezas  
o cambio**

**ÚNETE AO STEG**



**#em-pezas?**